

# ACTIVIDADE FORMATIVA PARA PROFESORADO

Venres, 18 de outubro de 2024

Escolas do Xardín Agra de Caldas

Rúa de Desiderio Varela (Praza do Concello), **Carballo**

ENRE  
JUÉI  
FATE



## PURO MAGNETISMO!

A regueifa é un imán para a festa e a revolución!

Puro magnetismo para unir a xente!

Para movernos e mover as cousas!

É unha forza, un fenómeno de atracción entre as persoas!

E entre a xente nova e a lingua!

A regueifa está en movemento, inzada de enerxía dinámica!

Reúnenos arredor da palabra e da música, do idioma e da  
calor humana.

E cantar improvisando mesmo atrae os polos opostos.

A túa carga eléctrica pode mover o mundo!



# ACTIVIDADE FORMATIVA PARA PROFESORADO



Comezamos o Enreguéifate cun curso de formación para docentes que queiran comezar ou continuar coa regueifa como ferramenta de construción masiva. Queremos contestar esta pregunta: **Para que nos serve a regueifa nas aulas?**

## Formación:

Con Lupe Blanco, Josinho da Teixeira, Manolo Maseda e Séchu Sende. Nas **Escolas do Xardín Agra de Caldas** (Rúa de Desiderio Varela - Praza do Concello), en Carballo. **O venres, 18 de outubro, de 16.30 a 20.30 h.** A continuación haberá regueifa conxunta coa Escola da Regueifa de Carballo.

## Obxectivos do curso:

- Fornecernos de enerxía e recursos materiais e inmateriais.
- Descubrir claves para traballar a regueifa co noso alumnado e a cultura do século XXI
- Mergullarnos na regueifa con actividades prácticas.
- Coñecer os/as regueifeiros/as que van estimular o alumnado no proceso do Enreguéifate 2024-2025.

## Contidos:

- Como podemos o profesorado traballar coa regueifa nas aulas?
- Bases prácticas da regueifa.
- A regueifa do século XXI: diversa, feminista, festeira, adaptativa.
- A regueifa como mecanismo para a mudanza persoal e social: elementos emocionais, relacionais e dinámicas colectivas.
- O movemento social e educativo da improvisación oral en verso.
- O Proxecto Enreguéifate 2024-2025: un proceso aberto, participativo e expansivo.

O curso fornecerá material-unidade didáctica para traballar a regueifa na aula.

**Máximo:** 45 prazas. De haber máis demanda, terá preferencia o profesorado dos concellos participantes e dos niveis aos que vai dirixido o proxecto Enreguéifate (5º e 6º de Educación Primaria e ESO).

## Inscripcións:

Até o 15 de outubro, cubrindo o formulario, accesible neste **QR** ou na web [enregueifate.gal/profesorado-xornadas-enregueifate/](https://enregueifate.gal/profesorado-xornadas-enregueifate/)

